

Segundo as Normas de Xestión Académica as Comisións académicas de cada titulación poderán consonte os antecedentes, establecer táboas de adaptación e validación entre materias de diferentes titulacións.

No curso 2002-2003 iniciouse o procedemento para a actualización do libro de Adaptacións e validacións aprobado pola Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 1999, que agora conclúe.

Durante o proceso de actualización deste libro téñense recibido novas proposta para incorporar o mesmo, o que non se puido realizar ó xa estar editado, polo que se incorporarán como Anexo ó libro.

Conforme o disposto no artigo 51 das Normas de Xestión Académica e logo das propostas dos Centros

**RESOLVO:**


**PRIMEIRO.-** Aprobar e publicar o libro de Adaptacións e Validacións da Universidade de Santiago de Compostela que achego con esta resolución e mailo "Anexo o libro de Adaptacións e validacións das facultades de CC. da Educación, Psicoloxía e Dereito" que surtirán efecto sen necesidade de provocar novos acordos da comisión competente e serán executadas directamente polas Unidades de Xestión Académica, para tódalas materias que figuran no citado libro.

**SEGUNDO.-** En relación coas adaptacións e validacións das Facultades de Ciencias de Educación, Psicoloxía e Dereito, as materias que se deberán considerar son as que figuran no "Anexo ó libro de Adaptacións e validacións das facultades de CC. da Educación, Psicoloxía e Dereito", por ser estas as afectadas polo último pronunciamento das Comisións dos centros competentes das validacións.

**TERCEIRO.-** Estas táboas de validación terán a vixencia que establece a Normativa de Xestión Académica quedando derogadas as aprobadas mediante resolución reitoral do 11 de febreiro de 1999.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2004

**O REITOR**



*Senén Barro Ameneiro*

~~Sres. Decanos/Directores de Centros, Xefe Servizo de Xestión Académica, Director COIE, Xefes/a de UXA Campus de Santiago e Lugo, Xestores de Centro~~